



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Bilingüismo e didáctica comparada das linguas romances	Código	613436015	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Introdución ó campo de investigación do bilingüismo, mediante unha revisión teórica xeral (con lecturas ad hoc), e cunha posterior aplicación a través da didáctica plurilingüe das linguas romances e os conceptos de intercomprensión e bilingüismo receptivo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Familiarizar ó alumno cos principais problemas teóricos do eido do bilingüismo.	AI8 AI10 AI11 AI12 AI14	BI2 BI5	
Capacitar ó alumno para comprender lecturas de dificultade básica e media neste campo.	AI14	BI1 BI3	
Diferenciar con claridade entre os 'tipos de problemas' e os 'tipos de solucións' que principalmente desde a psicolingüística e a sociolingüística se teñen artellado para explicar os moi diversos fenómenos englobados baixo 'bilingüismo'.	AI3 AI14	BI1 BI2	
Ser quen de repensar as ferramentas descritivas propias do paradigma monolingüe dominante na lingüística xeral.	AI12 AI14	BI1 BI4	
Familiarizarse cos feitos de fala bilingüe no noso contorno comunicativo inmediato, así coma sistematizar a nosa propia reflexión intuitiva sobre estes fenómenos.	AI5 AI10 AI11 AI12	BI5 BI6	
Coñecer os programas existentes na didáctica plurilingüe e comparada das linguas romances.	AI8	BI4	

Contidos	
Temas	Subtemas
O concepto de bilingüismo.	Acotación do concepto a través dos principais tipos de bilingüismo. Noción de lingua(s) primeira(s). Métodos indiciais para detectala(s)
Bilingüismo e desenvolvemento.	Bilingüismo e capacidades intelectivas (intelixencia, memoria, creatividade). Bilingüismo e personalidade. Bilingüismo e identidade.
Adquisición bilingüe.	Síntese da adquisición bilingüe, especialmente infantil. ¿Un sistema ou dous sistemas? Code-mixing e code-switching. Conciencia metalingüística infantil.



Principais paradigmas investigadores sobre o bilingüismo.	Pasaremos en revista o paradigma do contacto de linguas, o paradigma da análise da fala bilingüe (pragmático e gramatical), o paradigma das categorías macrosociais e máis o paradigma psicosocial
Didáctica comparada das linguas romances.	Noción de intercomprensión lingüística. O bilingüismo receptivo. A didáctica comparada das linguas nórdicas: obxectivos e estratexias didácticas. A didáctica comparada das linguas romances: proxectos Galatea, Galanet, Eurocom, etc. Implicacións políticas dunha planificación didáctica plurilingüe.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		12	0	12
Presentación oral		4	6	10
Lecturas		0	30	30
Traballos tutelados		0	22	22
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explicación dos contidos esenciais e conceptos clave, con invitación á discusión, sobre a base duns guións orientativos e/ou dunhas lecturas básicas ad hoc.
Presentación oral	Exposición en clases por parte dos alumnos do resultado das súas lecturas e máis do plantexamento e progresión do seu traballo de curso
Lecturas	O traballo de curso será supervisado en detalle polo profesor, ben na clase ben nas titorías.
Traballos tutelados	Cada alumno realizará un traballo de curso, consistente nunha pequena investigación, e dunha extensión dunhas 15 páxinas como máximo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Presentación oral Lecturas Traballos tutelados	En calquera das metodoloxías citadas, o alumno recibirá unha atención personalizada axeitada ós seus coñecementos e perfil previo. As lecturas e o traballo de curso han ser orientados polo profesor.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral		Valorarase a asistencia a clases, así coma a participación activa na mesma, nos comentarios sobre as lecturas e no subseguinte debate sobre os problemas tratados.	20
Presentación oral		Certas lecturas han ser comentadas directamente polo alumno na clase. Tamén será de interese de todos coñecer o tema de traballo de curso que escolle e o estado das súas pescudas.	15
Lecturas		Realizaranse lecturas de curso, valorando o grao de comprensión das mesmas, e a conseguente capacidade do alumno de contribuír á clase e ó debate. Ademais, as lecturas constitúen a base de partida inexcusable para a realización do traballo de curso.	25



Traballos tutelados		Cada alumno realizará un traballo de curso, consistente nunha pequena investigación, e dunha extensión dunhas 15 páxinas como máximo.	40
---------------------	--	---	----

### Observacións avaliación

O alumno que o desexe poderá realizar baixo a miña dirección o traballo máster de investigación, sobre un tema relacionado cos contidos tratados no curso. Os resultados dirimiranse nas convocatorias de xuño ou de xullo.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	René Appel y Pieter Muysken (1996). Bilingüismo y contacto de lenguas. Barcelona: Ariel. [Ed. original inglesa: (1987). Language Contact and Bilingualism. Londres: Edward Arnold]. Colin Baker y Sylvia Prys Jones (1998). Encyclopedia of Bilingualism and Bilingual Education. Clevedon: Multilingual Matters. Suzanne Romaine (1995). Bilingualism. Oxford y Cambridge: Blackwell. [2ª ed. revisada; 1ª ed. 1989]. [Existe tradución completa ó galego]. Miquel Siguan (2001). Bilingüismo y lenguas en contacto. Madrid: Alianza. Li Wei (ed.) (2000). The Bilingualism Reader. Londres: Routledge
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías